


- MONERAS

Tipo de célula: procariota
 Nº Células: unicelulares
 Parede celular: adoitan ter, é distinta a das plantas
 Cloroplastos: Non
 Tecidos: Non

Funcións vitais

- Nutrición:
 - Autótrofa: Obteñen a enerxía a través de materia inorgánica.
 - Fotosintéticos
 - Quimiosintéticos
 - Heterótrofa: aliméntanse doutros seres vivos
 - Saprófitos
 - Parásitos
 - Simbióticos
- Relación: A través de respostas como o movemento dos flaxelos, carecen de órganos dos sentidos
- Reproducción: é asexual por bipartición




- PROTISTA

-Autótrofos:

Tipo de célula: eucariotas
 Nº de células: unicelulares ou pluricelulares.
 Parede celular: adoitan ter parede celular recubrido a membrana plasmática, e no citoplasma
 Orgánulos: ribosomas, mitocondrias, vacúolos e cloroplastos.
 Tecidos: Non
 Exemplos: algas microscópicas do fitoplancto, algas xigantes

Funcións vitais

- Nutrición: autótrofa fotosintético
- Relación: Responden ante luz ou salinidade, desprazándose cara ou en contra
 As algas pluricelulares aumentan +ou - de tamaño segundo a presenza da luz (estacións)
- Reproducción:
 - Asexual
 - fragmentación (unha porción de alga orixina un novo individuo)
 - esporas (células especiais xeran novos seres)
 - Sexual, ex: un filamento masculino pasa o material xenético a un feminino




-Heterótrofos:

Tipo de célula: eucariotas
 Nº de células: xeralmente unicelulares
 Parede celular: Non
 Orgánulos: ribosomas, mitocondrias, vacúolos.
 Tecidos: Non
 Exemplos: protozoos
 Desprazamento: ciliados, flaxelados, rizópodos ou esporozoos

Funcións vitais

- Nutrición: heterótrofa
 - depredadores (toman materia orgánica viva)
 - detrívoros (toman materia orgánica morta)
- Relación: Responden á luz, temperatura ou salinidade, desprazándose cara ou en contra.
- Reproducción:
 - Asexual
 - bipartición (unha célula nai da lugar a dúas células fillas)
 - pluripartición (unha célula nai dá lugar a múltiples células fillas)
 - Sexual: conxugación (unión temporal de dous individuos que intercambian unha copia do seu material xenético)



- FUNGOS

Tipo de célula: eucariota
Nº Células: unicelulares e pluricelulares
Paredes celulares: adoitan ter
Cloroplastos: Non
Tecidos: Non
Movilidade: non


Unicelulares adoitan ter forma redondeada ou ovoide. Son os fermentos
Pluricelulares: o seu corpo está formado por uns finos tubos denominados hifas que en conxunto constitúen o micelio

Funcións vitais

- Nutrición: heterótrofa
- Saprófitos
- Parásitos
- Simbióticos

- Relación: Responden á humidade a presenza de substancias disoltas no medio, e poden provocar un maior ou menor desenvolvemento do seu corpo ou estimular o inicio do seu proceso reprodutor

- Reprodución:
- Asexual: por xemación nos seres unicelulares e por esporas no resto
Os cogumelos son os órganos produtores de esporas de algúns fungos, e só aparecen temporalmente cando o fungo se vai a reproducir.
- Sexual: por formación de células sexuais, e outras coa unión de hifas distintas e a posterior fusión dos núcleos celulares



- PLANTAS

- ANIMAIS

IMPORTANCIA
DOS DISTINTOS
REINOS

MONERAS

Mantéñen o ecosistema: Descompoñen a materia orgánica e convértena en materia inorgánica, puidendo ser reutilizada polos organismos autótrofos.
Crean asociacións beneficiosas: O intestino dos mamíferos contén bacterias simbióticas que protexen o organismo
Producen bens e servizos: As bacterias transforman o viño en vinagre, medicamentos, depuración de augas ou control biolóxico.

PROTISTA

Mantéñen o ecosistema: as algas son os organismos autótrofos que mediante a fotosíntese, producen a materia orgánica, da que se alimentan algúns heterótrofos.
Serven de alimento: mediante a recolección de algas silvestres como mediante o seu cultivo (sopas ou ensaladas)
Producen bens e servizos: Empréganse en microbioloxía, para cultivar microorganismos; en agricultura como fertilizante, e en acuicultura, como alimento para as larvas dos peixes

FUNGOS

Mantéñen o ecosistema: Moitos fungos colaboran na descomposición da materia orgánica morta nos ecosistemas e permiten a súa transformación en materia inorgánica. Algúns asócianse cos raíces das plantas, benefíciense mutuamente e forman as micorrizas. O fungo achega a humidade e a planta alimento.
Serven de alimento: A fermentación dos fermentos produce alcol e dióxido de carbono. O primeiro interesa na industria vinícola e cervexeira, mentres que o segundo é importante en panadería e pastelería para levar as masas. Os cogomelos dos fungos tamén se usaron dende sempre como alimento humano.
Producen bens e servizos: Úsanse en medicina para tratar as infeccións bacterianas (creación de medicamentos). Na primeira metade do s.XX Alexander Flemming descubriu o primeiro antibiótico mentres traballaba con mofos do xénero Penicillium

MONERAS

Son moi poucas as bacterias patóxenas. Estas actúan: a través de feridas, inxestión de auga ou alimentos contaminados, entrando no aparato respiratorio a través de secrecións respiratorias de individuos enfermos... Ex: Salmonella enterica causa gastronterite

PROTISTA

Algúns protozoos causan enfermidades como a Malaria ou a Enfermidade do sono.

FUNGOS

Algúns fungos poden causar enfermidades como a micose. A maioría das enfermidades que causan son leves e afectan a pel, o pelo ou as unllas. Menos frecuente son as micoses sistémicas, que afectan a órganos internos e, polo tanto, comportan maior gravidade,

ENFERMIDADES
ASOCIADAS A